

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 12 de abril de 2013 pola que se anula a Resolución do 20 de marzo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de caldeiras industriais e se convocan as devanditas axudas.

No *Diario Oficial de Galicia* do 27 de marzo de 2013 publicouse a Resolución do 20 de marzo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de caldeiras industriais e se convocan as devanditas axudas. Ante as dificultades técnicas acaecidas para a execución do referido Plan Renove, e tendo en conta que ata a o momento no se presentou ningunha solicitude e, polo tanto, non existe prexuízo para terceiros, resulta aconsellable desistir da referida convocatoria.

No momento actual a aplicación eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles é un dos obxectivos das administracións públicas. Neste sentido, o establecido nesta resolución vai permitir a utilización máis axeitada dos recursos dispoñibles para esta convocatoria noutras actuacións que terán mellor desenvolvemento e permitirán unha máis eficaz aplicación da dotación económica establecida.

Artigo 1

Desistir e, polo tanto, deixar sen efecto a convocatoria do Plan Renove de caldeiras industriais, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 61, do 27 de marzo de 2013, a través da Resolución do 20 de marzo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva relativa ao Plan Renove de caldeiras industriais e se convocan as devanditas axudas.

Artigo 2

Con carácter potestativo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante o director do Inega no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento



administrativo común. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2013

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: rpz6var7-wcw1-9s06-whu0-yqrh2zv1yic3

